

TAXONOMÍA DE MATERIAIS E RECURSOS EDUCATIVOS DIXITAIS

1. INFORMATIVOS: *Integran esta categoría aquelas obras de consulta e documentos de referencia que conteñan información estruturada, pero sen propósito educativo a priori. A súa consulta é aberta no sentido que non teñen un itinerario prefixado para a súa consulta: Bases de datos, enciclopedias, informes, artigos, apuntes, manuais, guías, conferencias gravadas (podcasting), etcétera.*

2. INSTRUCIONAIS: *Materiais deseñados cunha intencionalidade formativa precisa. A navegación polo contido está preestablecida en menús ou secuencias de aprendizaxe. Pódense definir varias secuencias instrucionais nun mesmo contido en función dos coñecementos previos ou do ritmo de aprendizaxe. Dentro desta categoría atopamos: actividades de exercitación, titoriais interactivos, cursos elearning...*

3. AVALIATIVOS: *Constitúen unha variante dos materiais instrucionais, e teñen unha finalidade exclusivamente avaliativa. Podemos distinguir cuestionarios de autoavaliación formativa, probas de avaliación sumativa e enquisas de opinión. Exemplo: Cadernos Virtuais*

4. INSTRUMENTALES: *Servizos ou aplicacións interactivas que cobren numerosas facetas de apoio á aprendizaxe, inclúen ferramentas para a procura, o tratamento e a visualización de información. Estas aplicacións son de navegación aberta. Exemplos: atlas virtuais, buscadores, calculadoras, tradutores, etcétera.*

5. EXPERIENCIALES: *Escenarios formativos interactivos que se basean en xogos ou simulacións. Favorecen a aprendizaxe baseada en problemas e o desenvolvemento de competencias estratéxicas de presa de decisións. Existe unha ampla gama de simulacións e de xogos que responden a estas características. Podemos atopar contidos experienciais de baixo nivel de interactividade (algunhas modalidades de Webquest) ou altamente interactivos (simulacións científicas e mundos virtuais).*

6. CONVERSACIONALES: *Os materiais e servizos conversacionais consisten nos diálogos sincrónicos ou asincrónicos nos cales hai comunicación (conversacións) entre os participantes nunha actividade formativa. As conversacións poden ser abertas (grupo) ou pechadas (consultas ao profesorado). Exemplos: listas de distribución, foros, Chats, mensaxería instantánea, comentarios a Blogs, audio e videoconferencias, etcétera.*

7. COLABORATIVOS: *Este tipo de materiais inclúe un amplo conxunto de propostas de traballo en rede, desde actividades totalmente abertas ás altamente formalizadas. Tamén pode implicar desde uns poucos usuarios ata comunidades moi amplas. Aquí a rede constitúe o medio para establecer a interacción entre as persoas e a xestión do coñecemento compartido. Exemplos representativos desta categoría son moitos dos proxectos telemáticos, as contornas Wiki e as aplicacións orientadas á creación e xestión de coñecemento en rede, como son FLE3 ou Synergiea.*